

## Un libro para aprender dos erros

XOSÉ MARÍA LEMA SUÁREZ

**R**ECENTEMENTE presentouse en Vimianzo a obra *Crónica de una represión en la Costa da Morte* de Luis Lamela. O acto foi promovido polo colectivo Adiante Soneira e foi o escritor Manuel Rivas o encargado da presentación.

Este libro narra con toda cruza os feitos acontecidos en varios dos concellos costeiros —en especial nos de Cee, Cocubión, Fisterra, Muxía, Camariñas, Vimianzo e Zas—, con ocasión da rebelión militar franquista do 36 contra a República e que provocou a guerra civil. Con anterioridade xa lera outras obras de Luis Lamela. Agradoume sobre todo a adicada á «vida, paixón e morte» —a semellanza doutro ilustre fusilado: o galeguista Alexandre Bóveda— do deputado corcubionés Pepe Miñóns, **Pepe Miñones, un crimen en la leyenda**. Nela nárrese a vida deste banqueiro corcubionés, gran emprendedor que pretendera levar a liña de ferrocarril ata Corcubión e que, por envexas, odios, rivalidades económicas e culpables silencios, fora fusilado na Coruña no fatídico 36.

### Plans de futuro

Miñóns fora quizais o único político da bisbarra que tiña plans de futuro para o desenvolvemento conxunto do territorio máis occidental de Galicia superando o estéril localismo. Hoxe aínda estamos sufrindo a súa perda, sendo Neria a única esperanza que nos queda de cara ó futuro: apoiémola todos.

Hai quen pensa que estes feitos non deberan saír á luz, que se deberan tapar para sempre, para que non volvan os odios entre familias. Non é certo. Hoxe pasaron case sesenta anos e o que verdadeiramente pasou debe saír á luz para que triunfe a verdade, pois os represaliados ou fusilados aínda quedaron coma se fosen vulgares delincuentes, e eles só se limitaron a defender un réxime democrático —como o actual, dixo Lamela—, e en ningún caso lle causaron dano físico a ninguén.

Lamela ten a valentía de cita-los nomes e apelidos dos que exerceron a represión, e faino cando está certo e conta cos suficientes documentos que o ava-

lan, de aí que ninguén se quere-lase contra el, de momento. ¿Cómo se vai cala-lo nome do maior represor do 36 na Costa da Morte, o tenente Rodrigo Santos, cando el mesmo se delata nunha instancia que fixo nos anos cuarenta para procurarse un ascenso? Nesta instancia fai constan-los seus «servicios prestados» como represor: os «paseos» nos que colabora, os arrestos, as delacións, etc... Ou, cómo non facer constar para historia as diferentes actitudes dos párrocos de Corcubión e Cee á hora de daren a cara por algúns dos seus parroquianos? Mentras o primeiro mandou ós consellos de guerra que se celebraban na Coruña todo tipo de informes para salvar da pena capital ós corcubioneses, o de Cee nin sequera tivo a caridade cristiá de atender a unha pobre muller que lle pedía polo seu marido.

Véxanse as cartas autógrafas deste obreiro ceense á súa dona, nunha delas dille que acuda a buscar informes favorables onda o director de Carbuos, o italiano Garrone, e tamén do cura. O primeiro emitiu informes totalmente negativos para este home e os seus compañeiros. E o crego non moveu un dedo por salvar a ninguén. Na derradeira carta, xa ás portas do fusilamento, a acusación era por participar nunha folga, non por matar a ninguén. O obreiro despídese para sempre da familia e acláralle á esposa que os verdadeiros culpables da súa morte son o director da fábrica e maí-lo cura, a quen lle prohibe que asista ó seu enterro ou lle bote misas. «Se non fixo nada por salva-lo meu corpo, non deixes que intente salva-la miña alma».

### Non solucionou nada

Este libro debería ser lido nos colexios e institutos da bisbarra, pois a historia non está para chapar nomes de reis e militares, senón para aprender dela, para que cada cincuenta anos non se volvan a comete-los mesmos erros. A guerra civil non solucionou nada, pois mesmo no plano económico o país atrasou uns vinte anos. Os economistas coinciden en que non se logrou o nivel económico do último ano da república ata 1954.